

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA ACTIVIDADES DE INTERÉS CULTURAL E DEPORTIVO

Reunidos

Por unha parte, a Asociación Alar Galicia, con domicilio en Rúa Canella da Deputación, s/n, 1º, 27001 Lugo, con CIF G15775901, representada neste acto por D. Fernando González Truque, con DNI 32.820.112-D, na súa calidade de Director da entidade.

De outra, o Club de Voleibol Emeve, con domicilio social en Rúa Río Sil, 54, 7ºC, 27003 Lugo, con CIF G27041490 representado neste acto por Dna. María Concepción Bouza Betriu, con DNI 33.857.467-H, na súa calidade de Presidenta da entidade.

Ambas partes, recoñecen reciprocamente plena capacidade xurídica para subscribir o presente convenio de colaboración de carácter sociocomunitario en actividades de interese cultural e deportivo, a este efecto:

Expoñen

1. Que a Asociación Alar Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro.
2. Que dita Asociación desenvolve diferentes proxectos de carácter social, con colectivos en risco de exclusión social, sendo para o presente convenio obxectivo o proxecto con menores adolescentes. Cuxos obxectivos principais:
 - Fomentar a práctica de valores e elevar a autoestima dos adolescentes.
 - Mellorar a integración dos menores dentro da sociedade nos seus diferentes ámbitos: social, persoal, educativo e familiar.
 - Achegar propostas existentes na comunidade de difícil acceso para persoas en risco de exclusión social.
 - Promover hábitos de vida saudables dun xeito lúdico e educativo.
3. Que o Club de Voleibol Emeve é unha entidade deportiva sen ánimo de lucro.
4. Que dito Club desenvolve a súa actividade de promoción de Voleibol na cidade de Lugo, en diferentes espazos deportivos (Pavillón Municipal de Lugo, Pavillón Municipal Casa do Deporte, Pavillón Municipal O Palomar, Polideportivo dos Institutos, Seminario Diocesano de Lugo...).
5. Que o Club de Voleibol Emeve desexa colaborar na realizacións dos fins da Asociación Alar Galicia de acordo co seguinte convenio de colaboración.

Cláusulas

Primeira. Obxecto do convenio.

O presente convenio de colaboración en actividades de carácter deportivo ten como obxecto a participación dos menores nas actividades que lle son propias a dita entidade colaboradora.

- Favorecer a accesibilidade ao deporte non só dunha forma lúdica senón como un estilo de vida que promove valores como o compañerismo, o respecto, a responsabilidade e capacidade de esforzo
- Potenciar novas inquedanzas que axuden a menores a enfocar o seu futuro.
- Crear novos espazos de relación que permita romper con dinámicas pouco axeitadas así como xerar novos vínculos.
- Xerar confianza nos menores para conseguir o seu empoderamento para loitar por un futuro mellor.

Pola súa parte, a Asociación Alar Galicia, comprométese a difundir a participación das Entidades Colaboradoras nas actividades nas comunicación propias da Asociación nos diferentes recursos dixitais.

Segunda. Natureza.

A colaboración será de carácter gratuito co fin social anteriormente sinalado para todas as persoas menores incorporadas no Proxecto Coaching Menores da Asociación Alar Galicia.

Será compromiso da entidade colaboradora garantir a supervisión e coordinación dos menores participantes na iniciativa anteriormente mencionada.

A entidade colaboradora garantirá a cobertura dos participantes polo seguro que lles corresponda aos menores. No caso se precisaren aportar unha contía económica para cubrir algún dos gastos que conlleve a incorporación dos menores ao club, como seguro etc. deberá ser informado previamente tanto o menor como o equipo técnico de Alar Galicia.

Alar Galicia comprométese a facer un seguimento activo e continuado con cada persoa menor que entre a formar parte do proxecto co fin de garantir un traballo coordinado en rede que acelere o bo desenvolvemento do menor.

Terceira. Procedemento

Unha vez efectivo e firmado o presente convenio, será o equipo técnico de Alar Galicia quen suxerirá ao club que persoas menores son susceptibles de incorporación ao mesmo dado os obxectivos citados.


Será o club quen determine a viabilidade de incorporar a persoa menor a un dos percorridos profesionais existentes. Posteriormente consensuado por ambas partes, farase unha entrevista coa persoa menor onde se asinará un documento simbólico que o compromete a cumplir e responder na medida que se lle exixe.

Posteriormente será o club o que realice o seguimento diario e marque o itinerario axeitado. A comunicación con equipo técnico de Alar Galicia será continua para poder apoiar e abordar diferentes cuestións que podan xurdir

De conformidade con todo o exposto e acordado, no exercicio das atribucións dos titulares das firmas, subscriven por duplicado o presente acordo de colaboración no lugar e data indicados.

En Lugo, a 9 de xuño de 2021.

Asdo.:



Fernando González Truque
Director de Alar Galicia



María Concepción Bouza Betriu
Presidenta Club Voleibol Emeve